

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ORDE do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual.

O pasado 23 de maio de 2018 produciuse a explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos en Tui. A magnitude da deflagración causou danos persoais, así como cuantiosos danos materiais. Para facerlles fronte, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 104, do 1 de xuño, o Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

No artigo 7 do citado decreto indícase que serán obxecto de axuda os danos causados pola explosión nas vivendas, nas súas instalacións complementarias e no enxoval doméstico. As contías das axudas variarán, segundo a vivenda resultase en situación de ruína ou sexa susceptible de rehabilitación, así como nos supostos de que a citada vivenda sexa ou non residencia permanente e habitual das persoas moradoras.

Así mesmo, de conformidade coa cláusula adicional primeira, facúltase a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, para que, dentro das súas competencias, poida contribuír a sufragar os gastos que orixine o aloxamento provisional, incluídos os gastos de transporte de persoas e mudanza de bens, daquelas persoas que, como consecuencia da explosión, teñan que abandonar definitiva ou temporalmente as súas vivendas e, se é o caso, mentres efectúen as obras de rehabilitación ou reparación. Para estes efectos, poderá celebrar convenios ou acordos con outras administracións públicas ou con organizacións especializadas no auxilio ou asistencia a damnificados en situacións de sinistro ou calamidade pública.

As axudas outorgaranse de forma directa por mor do interese público, social, humanitario derivado das excepcionais circunstancias que concorren neste caso, e concederanse nos termos e nas condicións establecidos nestas bases reguladoras.

Para o caso de que os danos ocasionados determinen a ruína da vivenda, as axudas poderán destinarse tanto á súa reconstrución como á adquisición dunha nova vivenda, para poder satisfacer de xeito inmediato a necesidade de vivenda das persoas afectadas.



A presente orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria da concesión das axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional das persoas e reparar os danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico derivados da citada explosión. As axudas destinadas a atender os gastos de transportes de persoas que, como consecuencia da explosión, teñan que abandonar as súas vivendas serán atendidas mediante a formalización dos correspondentes convenios ou acordos con outras administracións públicas ou con organizacións especializadas en auxilio en situacións de sinistro ou calamidade pública.

Esta orde axústase ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e o artigo 34 da Lei 1/1983, do 12 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar as seguintes axudas destinadas a sufragar os danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018:

a) Axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional derivados da sinatura dun contrato de alugamento nunha vivenda polas persoas cuxas vivendas resultaron danadas (código de procedemento VI101A), así como a súa renovación (código de procedemento VI101C).

b) Axudas destinadas a reparar os danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval doméstico (código de procedemento VI101B).



Artigo 2. *Natureza das axudas*

1. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, de que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

2. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas nesta orde concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, sempre que o importe total concedido por todas elas non supere o custo da renda do contrato de alugamento ou o 100 % do valor de reposición ou de rehabilitación da vivenda danada.

Artigo 3. *Ampliación do crédito orzamentario*

As contías establecidas nesta orde poderán ser obxecto de ampliación de crédito por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) nos supostos previstos no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 xaneiro. Esta ampliación terá efectos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG).

Artigo 4. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde terán, segundo os casos, as seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

3. Destinar as axudas percibidas ao obxecto concreto para o cal foron concedidas e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse de forma inmediata ao seu coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006, e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o IGVS, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

7. Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

8. Ceder ao IGVS todas as accións de que dispoña a persoa beneficiaria para a reclamación das cantidades achegadas polo IGVS ás persoas causantes do sinistro, sen prexuízo do dereito da persoa beneficiaria a reclamar polos danos e perdas sufridos que non sexan obxecto da axuda ou que excedan a indicada axuda.

9. As demais obrigas que se derivan desta orde.

Artigo 5. *Causas de denegación das subvencións*

1. Será causa de denegación da subvención o incumprimento dalgúns dos requisitos exixidos na normativa que rexe estas subvencións.

2. Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución.



Artigo 6. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 7. *Perda e reintegro da subvención*

Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando conorra algún dos seguintes supostos:

- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
- b) Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento da actuación nos termos establecidos nesta orde.
- c) Incumprimento, de ser o caso, da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, durante un período mínimo de cinco anos, de acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita lei, así como o incumprimento de calquera outra que resulte da normativa aplicable.

Artigo 8. *Forma de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Tamén se poderán presentar as solicitudes presencialmente por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



Artigo 9. Forma de presentación da documentación complementaria

1. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Tamén poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o IGVS poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada.

4. No caso de que os documentos que se presenten superen os tamaños máximos establecidos na sede electrónica ou teñan un formato non admitido, deberán seguirse para a súa presentación as instrucións da sede electrónica da Xunta de Galicia sinaladas no seguinte enderezo: <https://sede.xunta.gal/documentacion-de-gran-tamano>.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes. Estes modelos presentarase por medios electrónicos, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión iníciase de oficio mediante a publicación no DOG desta orde.

2. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndolle que, no caso de non atender o requirimento, se terá por desistida da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



3. Unha vez recibidas as solicitudes, o órgano instrutor remitirá ao Consorcio de Compensación de Seguros unha relación das persoas que solicitaron a subvención, facendo constar o nome, apelidos e DNI, para os efectos de coñecer as posibles indemnizacións que as persoas interesadas puidesen recibir neste concepto.

4. O órgano instrutor poderá solicitar os informes que considere pertinentes e, en especial, os informes relativos á ruína das vivendas danadas. Unha vez completado o expediente e feitas as comprobacións oportunas, elevará a proposta de resolución de cada expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS quen, á vista delas e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, resolverá o que, segundo o dereito, proceda.

Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar polos ditos medios.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 13. *Publicidade das subvencións concedidas*

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o IGVS publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

CAPÍTULO II**Axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional derivados da sinatura dun contrato de alugamento nunha vivenda polas persoas cuxas vivendas resultaron danadas**

Artigo 14. Convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional, derivados da sinatura dun contrato de alugamento nunha vivenda polas persoas cuxas vivendas resultaron danadas pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o día 23 de maio de 2018 (código de procedemento VI101A)

Convócanse as axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional, derivados da sinatura dun contrato de alugamento nunha vivenda polas persoas cuxas vivendas resultaron danadas pola explosión de material pirotécnico producida en Tui, o día 23 de maio de 2018, conforme as seguintes bases:

Base primeira. *Obxecto*

As subvencións reguladas neste capítulo teñen por obxecto o outorgamento de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional, derivados da sinatura dun contrato de alugamento nunha vivenda polas persoas cuxas vivendas resultaron danadas pola citada explosión.

Base segunda. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter a súa residencia permanente e habitual nunha vivenda danada como consecuencia da citada explosión.



2. Ser titular ou estar en condicións de asinar, en condición de persoa arrendataria, un contrato de alugamento de vivenda. A persoa arrendadora non poderá ter vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendataria. Tampouco poderá ter vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata o segundo grao, coa persoa arrendataria. Esta mesma exigencia aplicarase cando a parte arrendadora sexa unha persoa xurídica, respecto de calquera das súas persoas socias e partícipes.

3. De conformidade co disposto no artigo 3 do Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, as persoas beneficiarias das axudas están exentas do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás o requisito sinalado na letra a) deste artigo.

Base terceira. Crédito orzamentario

As axudas reguladas neste capítulo faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451B.480.7 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de 150.000,00 euros para o ano 2018, 200.000,00 euros para o ano 2019 e 85.000,00 euros para o ano 2020.

Base cuarta. Actuacións subvencionables e contía das axudas

1. Subvencionarase a renda mensual do alugamento da vivenda arrendada pola persoa beneficiaria. O importe da axuda será do 100 % da renda, ata un máximo de 450 euros.

2. Outorgarase unha axuda complementaria para os efectos de atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións. O importe da dita axuda será dun máximo de 600 euros.

Base quinta. Duración das axudas

1. A axuda mensual do alugamento terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a data dos efectos económicos do contrato de alugamento, rematando, en todo caso, cando estea reparada a vivenda danada ou, de ser o caso, cando se adquira outra vivenda.

2. Para o desfrute da duración máxima desta axuda será necesaria a súa renovación, nos termos establecidos na base décima.



Base sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de dous (2) meses, contado a partir do mesmo día da data de publicación desta orde no DOG, rematando, en todo caso, co esgotamento da dotación orzamentaria da convocatoria, que se fará constar no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Base sétima. Solicitudes

1. A solicitude de subvención realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a esta orde e deberase dirixir á Dirección Xeral do IGVS.

2. No modelo de solicitude realizaranse as seguintes declaracións:

a) Declaración de non ter solicitado ou obtido outras axudas, ingresos e/ou recursos procedentes doutro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, ingreso e/ou recurso deberá indicarse cales son e o seu importe.

b) Compromiso de comunicar calquera outra axuda, ingresos e/ou recursos procedentes doutro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, que lle sexan concedidos para a mesma finalidade e o seu importe.

c) Declaración de non estar incurso na inhabilitación para a obtención das axudas prevista no artigo 10.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Declaración de que a vivenda danada pola explosión constituía a súa residencia permanente e habitual.

e) Declaración de que non ten vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora. Así mesmo, non ten vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata o segundo grao, coa persoa arrendadora nin con calquera das súas socias e partícipes, no caso de que a parte arrendadora sexa unha persoa xurídica.

f) Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.



Base oitava. Documentación complementaria

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.

b) Anexo IV, de declaración de datos da persoa arrendadora e arrendataria.

c) De ser o caso, título ou documento admisible en dereito que acredite a súa condición de persoa propietaria, usufrutuaria ou inquilina da vivenda danada.

d) Certificado municipal de residencia ou calquera outro documento que acredite a súa residencia permanente e habitual na vivenda danada, no caso de non estar empadroad/a na vivenda ou non poder comprobar o certificado de empadramento.

e) De ser o caso, copia do contrato de alugamento da nova vivenda.

f) Copia da póliza de seguro ou, de non ter seguro, declaración xurada de que os danos na vivenda non estaban asegurados.

g) Certificado técnico municipal favorable da necesidade de aloxamento noutra vivenda derivado da situación en que quedou a vivenda que constituía o seu domicilio permanente e habitual.

Base novena. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identificación de estranxeiros (NIE) da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa representante.

b) Certificado de empadramento na vivenda danada da persoa solicitante.

c) Datos catastrais correspondentes á persoa solicitante.



2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente, sempre que non se modificasen as súas circunstancias e a persoa interesada outorgue o seu consentimento expreso para que sexan consultados ou obtidos os ditos documentos, segundo o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, DOUE do 4 de maio).

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Base décima. *Renovación da subvención*

1. Todas as persoas que resulten beneficiarias desta axuda e que non perdesen o dereito mediante a oportuna resolución poderán renovala anualmente, ata acadar unha duración máxima de dous anos. Para tal efecto, deberán presentar, no prazo que se sinala na correspondente resolución de concesión da axuda inicial, o anexo III, de solicitude de renovación, acompañado, de ser o caso, dunha declaración formalizada polas persoas asinantes do contrato de alugamento de que este se prorrogará nas mesmas condicións que o anterior (código de procedemento VI101C).

2. A comprobación de datos para a concesión da renovación da axuda realizarase de conformidade co establecido na base novena.

Base décimo primeira. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento*

A tramitación, instrución e a formulación da proposta de resolución das solicitudes de axudas é competencia da Dirección Técnica de Fomento do IGVS. As resolucións serán ditas pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Base décimo segunda. *Resolución e recursos*

1. A resolución estimará, desestimaré ou inadmitirá a axuda solicitada. Na resolución estimatoria indícase a persoa beneficiaria e a contía da axuda concedida. Para o caso de non ter presentado o contrato de alugamento no momento de realizar a solicitude, concederáselle un prazo máximo de dous (2) meses para que o achegue. Se transcorrido o citado prazo non se achega o contrato de alugamento, dítase a correspondente resolución de perda do dereito á subvención.



2. O prazo para resolver e notificar a concesión será dun (1) mes, contado desde a data de presentación de solicitudes. Rematado o citado prazo sen que se modifique e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. As resolucións ditaranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada das solicitudes na Dirección Xeral do IGVS, ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que conste como validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta orde.

4. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo para a interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Base décimo terceira. *Xustificación da concesión da subvención e pagamento da axuda*

1. A xustificación da concesión da subvención realizarase mediante o correspondente contrato de alugamento.

2. Salvo os supostos previstos no número tres desta base, o IGVS aboará o importe da subvención mensual da renda de alugamento directamente á persoa arrendadora, de acordo co seguinte procedemento:

– No suposto de que a renda de alugueiro sexa igual ao importe da axuda, a persoa arrendataria deberá presentar ante o IGVS, dentro dos dez (10) primeiros días naturais de cada mes da vixencia do contrato de alugamento, unha declaración responsable de que segue residindo na vivenda alugada e que a vivenda danada como consecuencia da explotación non está aínda reparada. Para o caso de que a renda de alugueiro sexa superior ao importe da axuda deberá presentar, ademais da citada declaración o extracto ou certificado bancario acreditativo do pagamento da súa parte da renda ante o IGVS dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes.

– Achegada a citada documentación, o IGVS procederá ao pagamento da subvención mensual mediante transferencia bancaria na conta da persoa arrendadora sinalada no anexo IV.



3. Para o caso de que a vivenda arrendada estivera fóra do territorio nacional, o IGVS aboará o importe da subvención mensual da renda de alugamento directamente á persoa arrendataria. Así mesmo, no suposto de que o contrato estivese formalizado e aboadas as súas rendas mensuais con anterioridade a data da resolución de concesión, o importe da subvención correspondente a este período será aboado á persoa arrendataria.

4. A axuda complementaria prevista na epígrafe segunda da base cuarta deste capítulo xustificarse coa acreditación da constitución do depósito da fianza e/ou dos contratos de altas de subministracións. Esta documentación xustificativa deberase presentar na Dirección Xeral do IGVS dentro do prazo de dous (2) meses, contados desde a data de notificación da resolución da concesión da subvención.

Acreditada a presentación da citada documentación, procederase ao seu pagamento mediante transferencia bancaria na conta da persoa beneficiaria. No suposto de que a vivenda obxecto do contrato non se atopase en territorio nacional a subvención aboarase directamente á persoa arrendataria.

5. Para percibir a axuda do derradeiro mes subvencionable deberá terse xustificado a totalidade dos pagamentos dos meses anteriores nos termos establecidos nesta base.

Base décimo cuarta. *Cambio de domicilio*

1. Se durante a vixencia da concesión a persoa beneficiaria da axuda cambia o seu domicilio, asinando un novo contrato de alugamento de vivenda, quedará obrigada a comunicar o dito cambio á Dirección Xeral do IGVS no prazo máximo de cinco (5) días, contados desde a sinatura do novo contrato de alugamento. Así mesmo deberá achegar, de ser o caso, o novo contrato xunto co xustificante do depósito da fianza no IGVS e o anexo IV.

2. A persoa beneficiaria non perderá o dereito á subvención polo cambio de domicilio, sempre que co novo alugamento se cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras e, ademais, o novo contrato de alugamento se formalice sen interrupción temporal co anterior. Nestes supostos, a persoa beneficiaria percibirá, como máximo, o mesmo importe en concepto de subvención, que o que tiña recoñecido inicialmente.



CAPÍTULO III

Axudas destinadas a reparar os danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval doméstico

Artigo 15. *Convocatoria de axudas destinadas a sufragar a reparación dos danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval doméstico pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018 (código de procedemento VI101B)*

Convócanse as axudas destinadas a sufragar a reparación dos danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval doméstico pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, conforme as seguintes bases:

Base primeira. Obxecto

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas destinadas a sufragar a reparación dos danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018. Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda poderá destinarse tanto á súa reconstrución como á adquisición dunha nova vivenda.

Base segunda. Requisitos específicos das persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas propietarias, usufrutuarías ou arrendatarias que sufrisen danos que afecten tanto á súa vivenda como ao enxoval doméstico.

2. De conformidade co disposto no artigo 3 do Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, as persoas beneficiarias das axudas están exentas do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás o requisito sinalado na letra a) deste artigo.

Base terceira. Crédito orzamentario

As subvencións para reparar os danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval doméstico previstas nesta orde, faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.780.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de 5.070.000 euros para a ano 2018, 1.500.000 euros para o ano 2019 e 500.000 euros para o ano 2020.



Base cuarta. Actuacións subvencionables e contías das axudas

As actuacións subvencionables e as correspondentes contías son as seguintes.

1. Serán obxecto de axuda os danos causados pola explosión na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

Para o caso de que os danos ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100 % do valor de reposición, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Nos casos de rehabilitación ou reparación do inmovible danado, a axuda concederáse polo importe correspondente, ata cubrir como máximo o 100 % do valor de rehabilitación ou reparación, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

2. Serán obxecto de axuda os danos causados no resto das vivendas residenciais que non sexan permanentes e habituais e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, do que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

Para o caso de que os danos ocasionados determinaran a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 40 % do valor de reposición, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o límite do 40 % do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

Nos casos de rehabilitación ou reparación da vivenda danada, a axuda concederáse polo importe correspondente ata cubrir como máximo o 40 % do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral en Tui.

3. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade das vivendas danadas cando non estivesen incluídos nas axudas que



para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións. Soamente se concederá unha axuda para o enxoval doméstico por cada vivenda danada.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constitúan a residencia permanente e habitual das súas persoas moradoras, o importe da axuda será de 16.373 euros.

No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que non sexan permanentes e habituais, o importe da axuda será de 5.458 euros.

Nos demais supostos, o importe da axuda será de ata o 100 % ou de ata o 40 % dos gastos de reparación ou reposición en función de que o enxoval sexa o da vivenda permanente e habitual ou o da vivenda ocasional, respectivamente e cun límite máximo de 3.000 euros.

4. Para os efectos desta orde, entenderase por vivendas ruinosas aquelas que se atopen nos supostos establecidos no artigo 141 na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

5. Para os efectos desta orde, entenderase por vivenda as construcións anexas e instalacións complementarias e os elementos comúns no caso de comunidades de propietarios. Como instalacións complementarias entenderanse as construcións e equipamentos de apoio á economía e vida familiar tales como pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións, etc., sempre e cando estean situadas no mesmo predio da vivenda. No mesmo sentido entenderase como construción ou instalación complementaria o cerramento preexistente do predio en que está a vivenda.

6. Para os efectos desta orde, o prezo da vivenda protexida de réxime xeral correspondente determinarase en atención á consideración do Concello de Tui como concello da zona territorial I, de conformidade co anexo I do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012, publicado no DOG, do 3 de novembro de 2009.

7. Para os efectos da determinación das contías máximas das axudas por danos na vivenda, computarase como superficie útil 120 m².



8. No suposto de actuacións de rehabilitación na vivenda danada e nas súas instalacións complementarias, o prazo para a execución das obras non poderá ser superior a 24 meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda.

9. As actuacións de rehabilitación poderán ser iniciadas con carácter previo á presentación da solicitude ou da resolución de concesión, sempre que se conserven fotografías e calquera outro documento que acredite o estado en que quedase a vivenda, as instalacións complementarias ou o enxoval por causa da explosión.

10. Para os efectos da determinación do custo total das obras, poderán incluír as actuacións preparatorias que se teñan realizado antes da data da presentación da solicitude, o custo da redacción dos proxectos, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios e os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. O custo total das obras incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

11. Quedan excluídas destas axudas as edificacións ruinosas e as que estivesen en manifesto abandono, con carácter previo á explosión. Así mesmo, quedan excluídos desta axuda, en todo caso, os danos producidos na vivenda e predio en que se encontraba o material pirotécnico e as súas instalacións complementarias.

Base quinta. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) meses, contados a partir do mesmo día da data de publicación desta orde no DOG, rematando, en todo caso, co esgotamento da dotación orzamentaria da convocatoria, que se fará constar no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Base sexta. *Solicitudes*

1. A solicitude de subvención realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo II a esta orde e deberase dirixir á Área Provincial do IGVS en Pontevedra.

2. No modelo de solicitude realizaranse as seguintes declaracións:

a) Declaración de non ter solicitado ou obtido outras axudas, ingresos e/ou recursos procedentes doutro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou inter-



nacional, para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou concedido algunha outra axuda, ingreso e/ou recurso, deberá indicarse cales son e o seu importe.

b) Compromiso de comunicar calquera outra axuda, ingresos e/ou recursos procedentes doutro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, que lle sexa concedido para a mesma finalidade e o seu importe.

c) Declaración de non estar incurso na inhabilitación para a obtención das axudas prevista no artigo 10.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Declaración da persoa solicitante de que é propietaria, usufrutuaria ou arrendataria da vivenda danada.

e) Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.

Base sétima. *Documentación complementaria*

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe en nome da persoa solicitante, de ser o caso. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.

b) Título ou documento admisible en dereito que acredite a condición da persoa propietaria, usufrutuaria ou arrendataria da vivenda danada.

c) Certificado municipal de residencia ou calquera outro documento que acredite a súa residencia permanente e habitual na vivenda danada, no caso de non estar empadroad/a na vivenda ou non poder comprobar o certificado de empadramento.

d) No caso da solicitude presentada pola persoa usufrutuaria ou arrendataria dos danos ocasionados no enxoval doméstico, autorización expresa da persoa propietaria ou arrendadora, para a súa presentación.



e) Memoria valorada por técnico/a competente de conformidade co disposto na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, da reposición dos danos acaecidos na vivenda danada, nas instalacións complementarias e no seu enxoval doméstico. Nos casos de rehabilitación ou reparación da vivenda danada, esta memoria conterá o correspondente cronograma da actuación, coa previsión das súas anualidades de execución.

f) Copia da póliza de seguro ou, de non ter seguro, declaración xurada de que os danos na vivenda danada non estaban asegurados.

Base oitava. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa representante.
- b) Certificado de empadramento na vivenda danada da persoa solicitante.
- c) Datos catastrais correspondentes á persoa solicitante.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente, sempre que non se modificasen as súas circunstancias e a persoa interesada outorgue o seu consentimento expreso para que sexan consultados ou obtidos os ditos documentos, segundo o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, DOUE do 4 de maio).

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Base novena. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento*

A tramitación, instrución e a formulación da proposta de resolución das solicitudes de axudas é competencia da Área Provincial do IGVS en Pontevedra. As resolucións serán ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.



Base décima. *Resolución e recursos*

1. A resolución estimará, desestimarán ou inadmitirá a axuda solicitada. Na resolución estimatoria indícarase a persoa beneficiaria, o concepto (ruína, rehabilitación e/ou enxoval doméstico) e o importe da axuda concedida, e, se é o caso, a súa distribución de anualidades e o prazo concedido para reparar os danos na vivenda e nas súas instalacións complementarias.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será dun (1) mes, contado desde a data de presentación de solicitudes. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. As resolucións dítanse por rigorosa orde cronolóxica de entrada das solicitudes na Área Provincial do IGVS en Pontevedra, ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que conste como validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta orde.

4. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo para a interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Base décimo primeira. *Xustificación da subvención*

1. Nos supostos das axudas concedidas para o caso de ruína da vivenda, entenderanse concedidas en atención á situación, produto da situación de emerxencia excepcional en que se atope a persoa beneficiaria, polo que, de acordo co disposto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da titularidade ou usufruto da vivenda do inmovible previamente á concesión, acompañada da memoria sinalada na base sétima, sen prexuízo dos controis que se establezan para verificar este aspecto.

2. Nos supostos de axudas concedidas para o caso de actuacións de rehabilitación, logo da concesión da subvención e realizado o gasto, a persoa beneficiaria deberá ache-



gar, dentro do prazo concedido na resolución de concesión, o anexo V xunto coa seguinte documentación xustificativa do gasto realizado:

A. Para o caso de xustificación parcial da subvención:

a) Anexo VI, de memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, en que se faga constar o cumprimento das actuacións da anualidade que lle corresponda xustificar e que conterá a relación clasificada de gastos polas actuacións realizadas, coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, onde consten a identificación da persoa acreedora, o seu importe e a súa data de emisión, así como os documentos que xustifiquen o seu pagamento. Para estes efectos, o seu pagamento deberá xustificarse mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa solicitante. Nesta memoria explicaranse as obras e os gastos realizados.

b) Fotografías que amosen as obras realizadas.

c) Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe do gasto subvencionable da actuación supere a contía de 40.000 euros. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) No suposto de que a entidade das obras así o requira, proxecto técnico e licenza de obras ou, se é o caso, autorización municipal correspondente.

B. Para a comunicación final das obras presentárase o anexo V e a documentación prevista nos puntos anteriores, salvo que xa for achegada con anterioridade, xunto cos seguintes documentos:

a) Certificado de finalización da obra ou memoria dos danos reparados, de ser o caso.

